



Indicadores sobre Banda Larga
Enquisa ás empresas sobre a Sociedade da Información en Galicia

Edición 2012

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2012

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento -
Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

Indicadores sobre Banda Larga

Edición 2012

Enquisa ás empresas sobre a Sociedade da Información en Galicia

Observatorio da Sociedade da Información e
a Modernización de Galicia (OSIMGA)

Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)
Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de
Galicia

Santiago de Compostela
2012

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	5
METODOLOXÍA DO ESTUDO	7
I. ACCESO A INTERNET	8
I.1 Acceso a Internet	9
I.2. Características das empresas con acceso a Internet	13
I.3. As empresas sen acceso a Internet	16
I. 4. En síntese	19
II. MODALIDADE DE CONEXION A INTERNET	20
II.1. Tecnoloxía principal de acceso	21
II.2. Velocidade de conexión	28
II.3. En síntese	32
Anexo. CNAE's 09	33

INTRODUCCIÓN

O presente informe ofrece os resultados relativos a Internet e banda larga, procedentes da “Enquisa ás empresas sobre a Sociedade da información en Galicia. Edición 2012” elaborada polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Este proxecto forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2014.gal da Xunta de Galicia.

O informe estrutúrase en dous capítulos:

■ **Conexión a Internet.** Analízase o grao de penetración de Internet nas empresas galegas así como os motivos que aducen as empresas que carecen del.

■ **Modalidade de conexión a Internet.** Este punto céntrase na análise das tecnoloxías de acceso á Rede e na velocidade de conexión

Marco estratéxico: Plan de Banda Larga 2010-2013 da Xunta de Galicia

Os avances na contratación de Internet e banda larga nas empresas galegas que se recollen neste informe víronse favorecidos polas actuacións do Plan de Banda Larga 2010-2013, que está a desenvolver a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

As infraestruturas de telecomunicación son un ámbito no que a Xunta de Galicia, fixo un importante esforzo nos dous últimos anos coa posta en marcha do Plan de Banda larga para dotar de cobertura a todos os galegos en 2013.

Actualmente xa están en marcha todas as actuacións de despregamento de redes de telecomunicación que permitirán acadar os obxectivos do Plan. Neste senso, a día de hoxe xa se acadou o 92,5% de galegos con cobertura de banda larga de calidade grazas ao Plan da Xunta.

Tamén se están a despregar redes de nova xeración que permiten velocidades de 100Mbps e o acceso a novos e máis avanzados servizos da Sociedade da Información que son fundamentais para aumentar a produtividade e mellorar a competitividade das nosas

empresas.

A este respecto, a día de hoxe máis de 1 millón de galegos xa dispoñen de acceso a redes NGAs. Isto quere dicir que, xa se dotou de cobertura de redes de 100Mbps máis do 75% da poboación obxectivo. A nosa Comunidade é das primeiras de Europa que están a incentivar o despregamento destas redes seguindo as directrices da Axenda Dixital Europea..

METODOLOXÍA DO ESTUDO

A información que se amosa neste documento procede da realización dunha Enquisa entre as empresas galegas, que respondeu aos seguintes parámetros metodolóxicos:


- **Ámbito:** Galicia.
- **Universo:** sociedades e persoas físicas con actividade en Galicia, dedicadas a actividades CNAE agrupadas en 14 grupos clasificatorios.
- **Tipo de enquisa:** Entrevista autoadministrada vía web, apoiada telefónica ou persoalmente para a súa cobertura.
- **Tamaño da mostra:** 629 entrevistas a empresas de 10 ou máis empregados/as; 1.057 entrevistas a empresas de 0 a 9 empregados/as.
- **Afixación:** Na submostra de empresas de 0 a 9 empregados/as: estratificada proporcional en primeira fase, por volume de emprego, actividade e condición xurídica. Na submostra de empresas de 10 ou máis empregados/as: estratificada proporcional, en primeira fase, por volume de emprego, actividade e provincia de localización da sede da empresa. Nunha segunda fase, selección aleatoria da empresa dentro de cada un dos estratos definidos en cada submostra.
- **Erro mostral:** Cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e $p=q=0,5$ como caso máis desfavorable, a marxe de erro mostral para a submostra de microempresas é de $\pm 3,33\%$; para a submostra de empresas de 10 ou máis traballadores/as é de $\pm 3,93\%$.
- **Período de referencia:** marzo de 2012.
- **Traballo de campo:** do 30 de marzo ao 17 de xuño de 2012.

Ao longo da exposición, para cada variable de interese amósanse inicialmente os valores globais, para logo descender ata outras variables independentes como a actividade da empresa, a súa condición xurídica ou a provincia, sempre que repercutan dun xeito significativo na variable de referencia.

Como fonte de información complementaria este informe inclúe datos procedentes de:

- Enquisas realizadas polo OSIMGA. Inclúe comparativas das 2 edicións existentes: Anos 2010 e 2012
- Fontes externas: INE (Datos estatais e datos para Galicia anteriores ao ano 2010)

I. ACCESO A INTERNET




- O 75% das microempresas galegas dispón de acceso a Internet contratado.
- A práctica totalidade das empresas de 10 ou máis empregados/as ten contratado Internet (99,1)%.
- A contratación de Internet nas microempresas galegas medrou un 17,6% no período 2010-2012, sendo superior ao ritmo de crecemento estatal (12,2%)

I.1. Acceso a Internet


Os datos deste primeiro capítulo céntranse na disponibilidade de Internet contratada nas empresas galegas, divididas en microempresas –as que teñen de 0 a 9 traballadores/as- e empresas de 10 ou máis traballadores/as. As diferenzas entre elas son evidentes xa neste primeiro indicador.

En marzo de 2012, un 75% das microempresas galegas dispoñía de acceso a Internet contratado. Non obstante, este grao de implantación resulta sensiblemente menor ao acadado nas empresas de máis magnitude, de xeito que son o 99,1% as empresas galegas con 10 e máis traballadores /as as que dispoñen de conexión á Rede.

G.1. ACCESO A INTERNET CONTRATADO




Base: total de empresas de 0 a 9 empregados/as
Fonte: OSIMGA



Base: total de empresas de 10 e máis empregados/as
Fonte: OSIMGA

Pese a esta importante fenda, a evolución do indicador danos a medida do rápido grao de implantación de Internet entre as microempresas galegas. A contratación da conexión a Internet nas empresas de menos de 10 empregados/as ten aumentado de maneira significativa no período comprendido entre o ano 2010 e o ano 2012, cun crecemento do 17,6% superior á media estatal (12,2%).


G.2. EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Empresas que teñen acceso a Internet contratado
Comparación Galicia e España
 (% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)



Fonte: OSIMGA-INE

Nas entidades de 10 ou máis empregados/as a evolución na contratación da conexión a Internet experimentou unha leve evolución positiva respecto ao ano 2010 xa que o valor do indicador está próximo ao 100%. Así, en Galicia experimentou unha evolución do 1,1% e en España foi do 0,3%.

G.3. EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Empresas que teñen acceso a Internet contratado
Comparación Galicia e España
 (% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




Fonte: OSIMGA-INE

O acceso a Internet nas empresas galegas non presenta diferenzas significativas entre os grandes sectores de actividade.

G.4. ACCESO A INTERNET SEGUNDO A ACTIVIDADE DA EMPRESA


(% sobre o total de empresas)



Fonte: OSIMGA

A análise detallada por CNAE da empresa non dá lugar a diferenzas significativas na conexión á Rede nas empresas de 10 e máis empregados/as, chegando case á accesibilidade plena. Para as microempresas, cabe salientar o feito de que as dedicadas ás actividades con CNAE 19-23 (coquería e refino de petróleo, produtos farmacéuticos, produtos minerais non metálicos) sexan as que rexistran unha maior porcentaxe na dispoñibilidade de Internet cun 94,6% e as empresas con CNAE 49-53 (transporte e almacenamento) a menor porcentaxe (44,5%).


G.5. ACCESO A INTERNET SEGUNDO OS GRANDES GRUPOS CNAEs



Fonte: OSIMGA

Segundo o tamaño da empresa, a totalidade das empresas de máis de 20 empregados/as teñen contratado acceso a Internet. As empresas de 0 a 2 asalariados/as, que representan o 83,1% das empresas galegas, son as que lastran o valor deste indicador pois a contratación a Internet neste segmento sitúase no 72%.

G.6. ACCESO A INTERNET SEGUNDO O TAMAÑO DA EMPRESA




Fonte: OSIMGA

I.2. Características das empresas con acceso a Internet

Un 15,4% das microempresas galegas con conexión a Internet contrataron o acceso á Rede hai menos de tres anos, o que en certa medida xustifica o notable incremento da conexión a Internet nas microempresas nos últimos anos.


G.7. Antigüidade do acceso a Internet



Base: empresas de 0 a 9 empregados/as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

Pola contra, o 93,2% das empresas de 10 e máis traballadores/as con acceso á Rede posúen Internet hai máis de tres anos, sendo unha porcentaxe mínima as empresas que contrataron Internet hai menos de 3 anos (3,1%).

G.8. Antigüidade do acceso a Internet




Base: empresas de 10 e máis empregados/as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

O grao de utilización de Internet polos traballadores/as das empresas é de diferente intensidade segundo o sector de actividade e o tamaño da empresa, como amosa a seguinte gráfica. Evidencia que as empresas nas que os empregados/as fan un uso máis intensivo das posibilidades da Rede son as adicadas ao sector servizos. O sector no cal menos empregados/as acceden a Internet polo menos unha vez á semana é o de industria.

G.9. PROPORCIÓN DOS /AS TRABALLADORES /AS DA EMPRESA QUE ACCEDE A INTERNET CANDO MENOS UNHA VEZ Á SEMANA SEGUNDO A ACTIVIDADE DA EMPRESA


(% sobre o total de traballadores/as das empresas que dispoñen de acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA

O uso de Internet máis extendido é, sen dúbida algunha, o correo electrónico: o 85% das microempresas con conexión a Internet posúe unha conta de correo electrónico.


G.10. DISPOSICIÓN DUNHA CONTA DE CORREO ELECTRÓNICO



Base: empresas de 0 a 9 empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
 Fonte: OSIMGA

A proporción de empresas de 10 e máis asalariados /as que posúen unha conta de correo electrónico é moi elevada (95,9%).

G.11. DISPOSICIÓN DUNHA CONTA DE CORREO ELECTRÓNICO



Base: empresas de 10 e máis empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

Independentemente da actividade, a disposición dunha conta de correo electrónico é un recurso de Internet amplamente estendido nas empresas galegas que dispoñen de acceso á Rede contratado. Atendendo ás lixeiras diferenzas que se dan entre os diferentes grupos de actividade, nas microempresas galegas destaca o sector dos servizos, cun 85,5%, seguido da Construción (85,4%) e, lixeiramente por baixo da media, o sector da Industria (78,7%).

En xeral, a práctica totalidade das empresas de 10 ou máis traballadores/as posúen unha conta de correo electrónico.

C.1. DISPOSICIÓN DUNHA CONTA DE CORREO ELECTRÓNICO SEGUNDO A ACTIVIDADE DA EMPRESA

DISPOSICIÓN DUNHA CONTA PRINCIPAL DE CORREO ELECTRÓNICO	TIPO DE ACTIVIDADE								
	EMPRESAS DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS				Total	EMPRESAS DE 10 E MÁIS TRABALLADORES/AS			Total
	Industria	Construción	Servizos			Industria	Construción	Servizos	
Si ten	78,7	85,4	85,5	85,0	94,6	93,4	97,5	95,9	
Non, non ten	11,9	10,6	10,9	10,9	5,4	2,9	1,9	3,0	
Ns / Nc	9,4	4,1	3,6	4,1	0,0	3,7	0,9	1,1	

Base: total empresas que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA


I.3. As empresas sen acceso a Internet

Centraremos a análise dos motivos para non contratar Internet nas microempresas, dado que o reducido número das empresas máis grandes que non contan con acceso á Rede non nos permite extraer conclusións estatisticamente sostibles.

Así, de entre as microempresas galegas que non dispoñen de acceso a Internet, unha ampla maioría apunta como causa desa ausencia que perciben que “non o necesitan” (44,2%). Hai outros aspectos, como a falta de coñecementos para utilizalo, que serve de argumento para un 20,1% delas. Cuestións económicas, como o prezo da conexión ou dos equipos son máis minoritarias, representando factores a ter en conta para menos do 10% das empresas que non teñen Internet.

G.12. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE ACCESO A INTERNET

(% sobre as empresas de 0 a 9 empregados/as que NON dispoñen de acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA

Aínda que a resposta de que non necesitan Internet é maioritaria en todos os sectores, pola especial magnitude das motivacións debemos destacar a especial incidencia de “poucos coñecementos” no sector da industria (28,1% respectivamente). No sector da construción destaca o argumento da imposibilidade de contratar este servizo, cun 11,5% dos casos, é dicir, 7,7 puntos porcentuais por riba da media.


C.2. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO A ACTIVIDADE DA EMPRESA

MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE ACCESO A INTERNET	TIPO DE ACTIVIDADE			Total (%)
	Industria	Construción	Servizos	
Non o necesitan	39,5	42,6	45,4	44,2
Non o queren	17,2	10,4	14,9	14,1
Non lles resulta fácil	12,8	10,4	9,6	10,2
Poucos coñecementos	28,1	18,4	19,6	20,1
Outras prioridades	12,6	7,5	14,1	12,4
Equipos custosos	3,6	7,5	10,8	9,3
Conexión custosos	3,6	2,3	8,5	6,5
Información insuficiente	12,0	0,0	1,3	2,0
Non é posible contratao	3,6	11,5	1,1	3,8
Outros motivos	18,2	14,5	7,8	10,4
Ns / Nc	8,6	14,3	17,0	15,5

Base: Empresas de 0 a 9 empregados/as que NON dispoñen de acceso a Internet
 Fonte: OSIMGA


Só o 6,5% das microempresas que actualmente non contan con conexión a Internet tiveron con anterioridade e un 22% das microempresas cre que suporía un beneficio para a súa empresa dispor de acceso á Rede contratado, aínda que un significativo 37,9% non se pronuncia sobre esta cuestión.

G.13. EMPRESAS QUE TIVIERON CONTRATADO INTERNET CON ANTERIORIDADE



Base: empresas de 0 a 9 empleados/as que NON disponen de acceso a Internet
Fuente: OSIMGA

G.14. BENEFICIOS DA CONTRATACIÓN DE INTERNET




Base: empresas de 0 a 9 empleados/as que NON disponen de acceso a Internet
Fuente: OSIMGA

I.4. En síntese

- ☞ O 75% das microempresas galegas de 0 a 9 empregados/as dispón de acceso a Internet no ano 2012. A contratación de Internet nas microempresas galegas medrou un 17,6% no período 2010-2012, sendo superior ao ritmo de crecemento estatal (12,2%)
- ☞ A práctica totalidade das empresas con 10 e máis empregados/as (99,1%) dispón de acceso a Internet, situándose lixeiramente por riba da media española (97,5%)
- ☞ Un 15,4% das microempresas contratou Internet hai menos de 3 anos fronte ao 3,1% das empresas de 10 e máis empregados/as.
- ☞ O 71,2% dos traballadores/as das microempresas galegas con conexión a Internet fan uso da Rede polo menos unha vez por semana
- ☞ O 85% das microempresas con conexión a Internet posúe unha conta de correo electrónico, elevándose ao 95,9% no caso de empresas de 10 ou máis traballadores/as.
- ☞ O 44,2% das microempresas que non posúen Internet consideran que non o necesitan. A falta de coñecementos para utilizar Internet é o segundo motivo en importancia, indicado polo 20,1% das microempresas que non teñen acceso á Rede.
- ☞ O 22% das microempresas sen Internet cren que o servizo sería beneficioso para a empresa, aínda que o 37,9% non souberon valorar a posibilidade de contratalo.

II. MODALIDADE DE CONEXIÓN A INTERNET



- ➔ O 67,5% das microempresas galegas dispoñen de banda larga, acadando o 96% entre as de 10 ou máis empregados/as.
- ➔ A banda larga experimentou un incremento do 12,5% entre as microempresas e do 3,9% nas empresas de 10 e máis empregados/as no período 2010-2012.

II.1. Tecnoloxía principal de acceso


En relación á tecnoloxía principal contratada de acceso a Internet, o 71,5% das microempresas enquisadas que dispoñen de Internet contan con ADSL. A segunda modalidade de conexión en orde de importancia é o cable (16,1%).

A tecnoloxía principal de acceso a Internet contratada para as empresas de 10 ou máis traballadores/as é o ADSL (83%).

Destaca especialmente o aumento da banda larga móbil, que era case inexistente no ano 2010 e acada ao 11,8% das microempresas e ao 23,9% das empresas de 10 e máis empregados/as con conexión a Internet no ano 2012.

G.15. TECNOLOXÍA PRINCIPAL QUE TEN CONTRATADA

(%sobre as empresas que dispoñen de acceso a Internet)



Fonte: OSTMGA

O ADSL é a tecnoloxía máis utilizada polas empresas independentemente do sector onde desenvolven a súa actividade. Nas empresas de menos de 10 traballadores/as do sector da construción, cabe destacar a menor presenza do ADSL en favor dunha maior porcentaxe de cable.

Nas empresas de 10 ou máis traballadores/as, débese salientar o significativo uso da banda larga móbil por riba do 23% das empresas nos tres sectores de actividade, duplicando a porcentaxe desta tecnoloxía respecto das microempresas.

C.7. TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA SEGUNDO A ACTIVIDADE

Tecnoloxía principal contratada	TIPO DE ACTIVIDADE								
	EMPRESAS DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS				Total	EMPRESAS DE 10 E MÁIS TRABALLADORES/AS			Total
	Industria	Construción	Servizos	Industria		Construción	Servizos		
Telefonía básica e modem	7,6	8,5	4,0	5,3	1,3	0,9	1,3	1,2	
RDSI	6,0	0,4	1,4	1,5	5,4	1,2	0,3	2,0	
ADSL	68,7	64,2	74,7	71,5	82,9	79,9	84,4	83,0	
CABLE	7,8	18,8	15,3	16,1	11,9	16,2	19,4	16,7	
Banda Larga móbil UMTS, 3G, 3.5G (USB, tarxeta 3G)	14,2	13,5	11,0	11,8	24,0	24,7	23,2	23,9	
Outras tecnoloxías de Banda Larga	12,2	12,5	12,1	11,9	17,0	17,3	18,2	17,8	

Base: empresas que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

Non se observan diferenzas significativas segundo a provincia onde se localiza a sede da empresa agás unha maior presenza de cable nas empresas da Coruña e de banda larga móbil nas empresas de 10 e máis empregados/as da provincia de Pontevedra.

C.8. TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA SEGUNDO PROVINCIA

TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA	PROVINCIA				Total (%)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Telefonía básica e modem	4,5	7,2	2,4	6,7	5,3
RDSI	1,2	0,3	1,7	1,7	1,5
ADSL	71,7	72,3	77,4	69,8	71,5
CABLE	16,8	14,3	14,9	15,6	16,1
Banda Larga móbil UMTS, 3G, 3.5G (USB, tarxeta 3G)	11,2	18,0	3,9	11,2	11,8
Outras tecnoloxías de Banda Larga	10,2	9,4	9,3	16,1	11,9

Base: Empresas de 0 a 9 empregados/as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

C.9. TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA SEGUNDO A PROVINCIA

TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA	PROVINCIA				Total (%)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Telefonía básica e modem	1,2	0,0	2,6	1,1	1,2
RDSI	2,3	0,0	2,7	2,4	2,0
ADSL	81,6	85,7	83,0	81,6	83,0
CABLE	18,2	15,6	15,2	17,7	16,7
Banda Larga móbil UMTS, 3G, 3.5G (USB, tarxeta 3G)	24,0	26,3	24,1	27,3	23,9
Outras tecnoloxías de Banda Larga	19,1	18,5	18,0	19,2	17,8

Base: Empresas de 10 e máis empregados/as que dispoñen de acceso a Internet
 Fonte: OSIMGA

Pertencer a unha CNAE determinada non inflúe, de xeito determinante, no tipo de tecnoloxía, xa que en todos os grupos de actividade é maioritaria a contratación por ADSL sendo a porcentaxe máis alta a correspondente ao CNAE 26-33¹ cun 89,2% no caso das microempresas e do 86,4% nas empresas de 10 e máis traballadores/as. Ademais, as empresas dedicadas ás actividades correspondentes as CNAEs 69-74 son as que acadan os valores máis altos na contratación de cable (20,2% en microempresas e o 33,9% en empresas de 10 e máis empregados/as)

C.10. TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA SEGUNDO OS GRANDES GRUPOS CNAES

TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA	GRANDES GRUPOS CNAES									Total (%)
	CNAE 10-18	CNAE 19-23	CNAE 24-25	CNAE 26-33	CNAE 41-43	CNAE 45-47	CNAE 49-53	CNAE 69-74	CNAE 77-82	
Telefonía básica e módem	4,6	0,0	0,0	4,1	8,5	4,1	5,8	2,4	7,7	5,3
RDSI	6,3	5,4	18,8	0,0	0,4	0,8	0,0	0,0	5,5	1,5
ADSL	60,1	83,0	70,1	89,2	64,2	77,7	80,3	68,1	67,1	71,5
CABLE	11,0	11,6	5,6	3,5	18,8	14,9	11,1	20,2	12,2	16,1
Banda Larga móbil UMTS, 3G, 3.5G (USB, tarxeta 3G)	22,1	2,7	11,1	9,4	13,5	10,4	21,7	10,3	2,3	11,8
Outras tecnoloxías de Banda Larga	19,4	2,7	5,6	9,4	12,5	11,0	28,2	13,9	9,9	11,9

Base: Empresas de 0 a 9 empregados/as que dispoñen de acceso a Internet
 Fonte: OSIMGA

Nota: A descrición das CNAES figura no Anexo I

¹ Ver descrición das CNAES no Anexo I

C.11. TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA SEGUNDO OS GRANDES GRUPOS CNAES

TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA	GRANDES GRUPOS CNAES									Total (%)
	CNAE 10-18	CNAE 19-23	CNAE 24-25	CNAE 26-33	CNAE 41-43	CNAE 45-47	CNAE 49-53	CNAE 69-74	CNAE 77-82	
Telefonía básica e módem	1,4	2,7	0,0	0,0	0,9	0,0	2,9	1,2	0,0	1,2
RDSI	3,9	6,6	7,3	3,8	1,2	0,8	0,0	0,0	0,0	2,0
ADSL	80,3	83,4	86,2	86,4	79,9	85,9	85,0	84,5	80,8	83,0
CABLE	15,0	10,9	6,0	12,1	16,2	17,1	10,0	33,9	31,3	16,7
Banda Larga móbil UMTS, 3G, 3.5G (USB, tarxeta 3G)	22,9	33,2	20,3	24,4	24,7	16,9	23,1	35,0	23,7	23,9
Outras tecnoloxías de Banda Larga	15,3	19,1	23,1	14,2	17,3	18,3	16,6	22,5	14,8	17,8

Base: Empresas de 10 e máis empregados/as que dispoñen de acceso a Internet

Fonte: OSIMGA

Nota: A descrición das CNAES figura no Anexo I

Obsérvase que cando medra o número de empregados/as, as empresas optan por dispoñer de varias tecnoloxías de acceso a Internet, principalmente ADSL, cable e banda larga móbil.

C.12. TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA SEGUNDO O TAMAÑO DA EMPRESA

TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA	TAMAÑO DA EMPRESA						
	De 0 a 2	De 3 a 9	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 249	De 250 ou máis
Telefonía básica e modem	5,6	3,6	1,6	1,1	0,0	0,0	0,0
RDSI	1,4	2,3	1,6	3,3	0,0	0,0	0,0
ADSL	70,4	76,5	81,8	85,8	81,6	80,2	80,0
CABLE	16,8	13,1	16,3	12,2	29,5	27,6	46,7
Banda Larga móbil UMTS, 3G, 3.5G (USB, tarxeta 3G)	10,5	17,8	21,8	21,0	44,2	27,4	66,7
Outras tecnoloxías de Banda Larga	12,0	11,6	17,5	15,6	29,6	19,6	13,3

Base: Empresas que dispoñen de acceso a Internet


Fonte: OSIMGA

O 96% das empresas de 10 e máis asalariados/as e o 67,5% das microempresas galegas dispón de banda larga contratada. Os datos da enquisa do OSIMGA confirman que as empresas galegas están mellor conectadas e comezan a empregar as tecnoloxías móbiles para acceder á Rede. No período 2010-2012, a banda larga experimentou un incremento do 12,5% entre as microempresas galegas e do 3,9% nas empresas de 10 e máis empregados/as.

G.16. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas con conexión a Internet mediante Banda Larga

(% sobre o total de empresas)



Fonte: OSIMGA


Nota: Considerase banda larga ás conexións a Internet realizadas a través de ADSL, Cable, banda larga móbil e outras tecnoloxías de banda larga

Para realizar a comparativa coa media estatal, debemos considerar só as empresas con conexión a Internet. Neste caso, considerando só as empresas con conexión a Internet, a banda larga elévase ao 93,2% nas microempresas e ao 96,8% nas empresas de 10 e máis empregados/as.

G.17. COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL


Empresas con conexión a Internet mediante Banda Larga (1)

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados /as con conexión a Internet)



Empresas con conexión a Internet mediante Banda Larga (1)

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)



Fonte: OSIMGA - INE

(1) Nota: Considerase banda larga ás conexións a Internet realizadas a través de ADSL, Cable, banda larga móbil e outras tecnoloxías de banda larga

O sector da industria presenta a porcentaxe máis baixa de contratación de banda larga tanto nas empresas de menos de 10 traballadores/as como nas empresas de 10 ou máis traballadores/as. Pola súa banda, as empresas do sector dos servizos son as que presentan unha porcentaxe máis alta na contratación de banda larga.

C.3. BANDA LARGA SEGUNDO A ACTIVIDADE DA EMPRESA

Banda Larga segunda a actividade	TIPO DE ACTIVIDADE (%)								
	EMPRESAS DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS				Total	EMPRESAS DE 10 E MÁIS TRABALLADORES/AS			Total
	Industria	Construción	Servizos	Total		Industria	Construción	Servizos	
Si	86.2	91.1	94.6	93.2	93.5	98.2	98.3	96.9	
Non	13.8	8.9	5.4	6.8	6.5	1.8	1.7	3.1	


Base: total de empresas que teñen acceso a Internet

Fonte: OSIMGA

Atendendo as CNAEs das empresas, a actividade que presenta maior contratación de banda larga é a CNAE 69-74 (actividades profesionais, científicas e técnicas).

G.18. BANDA LARGA SEGUNDO OS GRANDES GRUPOS CNAEs

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: OSIMGA

A totalidade das empresas de máis de 50 asalariados/as con acceso a Internet dispoñen de conexión á Rede a través de banda larga, aínda que en todos os tramos de asalariados/as supérase o 93% neste indicador.

G.19. BANDA LARGA SEGUNDO O TAMAÑO DA EMPRESA

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: OSTMGA

II.2. Velocidade de conexión

O 72,8% das empresas de 10 e máis empregados/as e o 69,8% das microempresas con conexión a Internet ten contratada unha velocidade de conexión a Rede superior a 2 Mbps.


G.20. VELOCIDADE DE ACCESO A INTERNET CONTRATADA NA EMPRESA
(% sobre as empresas con conexión a Internet)



Fonte: OSIMGA


Destacar, nunha comparativa cos resultados observados no ano 2010 un importante incremento das empresas que contrataron unha velocidade superior a 10 Mbps. Duplícase a porcentaxe de microempresas con velocidade superior a 10 Mbps e aumenta un 33,6% nas empresas de 10 e máis empregados/as.

G.21. VELOCIDADE DE ACESSO A INTERNET CONTRATADA NA EMPRESA
 (% sobre as empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: OSIMGA

G.22. VELOCIDADE DE ACESSO A INTERNET CONTRATADA NA EMPRESA
 (% sobre as empresas de 10 e máis empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: OSIMGA

En xeral, as empresas do sector da construción e servizos son as que presenta as porcentaxes máis altas nos tramos de velocidade superiores a 2 Mbps.

C.4. VELOCIDADE CONTRATADA SEGUNDO A ACTIVIDADE

Velocidade de acceso a Internet	TIPO DE ACTIVIDADE (%)								
	EMPRESAS DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS				Total	EMPRESAS DE 10 E MÁIS TRABALLADORES/AS			Total
	Industria	Construción	Servizos	Industria		Construción	Servizos		
Menos de 1 Mbps.	6,9	6,3	1,7	3,1	3,6	1,8	2,4	2,7	
De 1 ata 2 Mbps	5,2	7,6	9,9	8,7	11,3	8,2	5,5	7,7	
De 2 ata 10 Mbps.	37,9	41,1	41,4	41,2	39,9	47,3	42,7	42,6	
Máis de 10 Mbps.	20,2	27,8	28,9	28,6	26,8	24,5	34,1	30,2	
Ns/Nc	25,9	17,1	18,1	18,4	18,5	18,2	15,4	16,8	

Base: total empresas con conexión a Internet
Fonte: OSIMGA

A maior parte das empresas, independentemente da súa actividade, teñen contratada unha velocidade de 2 Mbps a 10 Mbps pero, entre elas, cabe destacar que nas CNAEs 69-74 e 77-82 a velocidade preferente sitúase no tramo de velocidade superior a 10 Mbps.

C.5. VELOCIDADE CONTRATADA SEGUNDO GRANDES GRUPOS CNAEs

EMPRESAS DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS

Velocidade de acceso a Internet	CNAE (%)									
	CNAE 10-18	CNAE 19-23	CNAE 24-25	CNAE 26-33	CNAE 41-43	CNAE 45-47	CNAE 49-53	CNAE 69-74	CNAE 77-82	Total
Menos de 1 Mbps.	3,8	0,0	0,0	7,1	6,3	2,1	0,0	0,9	2,9	3,1
De 1 ata 2 Mbps	3,8	0,0	12,5	7,1	7,6	12,3	6,9	6,0	2,9	8,7
De 2 ata 10 Mbps.	42,3	60,0	37,5	28,6	41,1	44,1	55,2	36,2	32,4	41,2
Máis de 10 Mbps.	23,1	20,0	12,5	42,9	27,8	23,7	20,6	42,2	41,2	28,6
Ns/Nc	26,9	20,0	37,5	14,3	17,1	17,8	17,2	14,7	20,6	18,4

Base: empresas de 0 a 9 traballadores / as que teñen acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I

C.6. VELOCIDADE DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO CNAE

EMPRESAS DE 10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS

Velocidade de acceso a Internet	CNAE (%)									Total
	CNAE 10-18	CNAE 19-23	CNAE 24-25	CNAE 26-33	CNAE 41-43	CNAE 45-47	CNAE 49-53	CNAE 69-74	CNAE 77-82	
Menos de 1 Mbps.	1,6	0,0	3,2	12,5	1,8	0,9	1,3	0,0	0,0	2,7
De 1 ata 2 Mbps	14,5	14,8	6,5	10,0	8,2	7,8	5,1	2,4	0,0	7,7
De 2 ata 10 Mbps.	41,9	33,3	38,7	42,5	47,3	50,0	48,7	31,7	43,5	42,6
Máis de 10 Mbps.	25,7	33,3	16,1	30,0	24,6	23,3	28,2	51,3	56,3	30,2
Ns/Nc	16,1	18,5	35,5	5,0	18,2	18,1	16,7	14,6	0,0	16,8

Base: empresas de 10 ou máis traballadores / as que teñen acceso a Internet

Fonte: OSIMGA

Nota: A descrición dos CNAEs figura no Anexo I

II.3. En síntese

- ☞ O 67,5% das microempresas galegas dispón de banda larga e o 96% no caso de empresas de 10 ou máis traballadores/as. Considerando só as empresas con conexión a Internet, a banda larga elévase ao 93,2% nas microempresas e ao 96,8% nas empresas de 10 e máis asalariados/as.
- ☞ A banda larga experimentou un incremento do 12,5% entre as microempresas e do 3,9% nas empresas de 10 e máis empregados/as
- ☞ O ADSL é a modalidade de conexión principal para o 71,5% das microempresas con conexión a Internet fronte ao 83% para as grandes empresas.
- ☞ Destaca especialmente o aumento da banda larga móbil, que era case inexistente no ano 2010 e acada ao 11,8% das microempresas e ao 23,9% das empresas de 10 e máis empregados/as no ano 2012.
- ☞ O 72,8% das empresas de 10 e máis empregados/as e o 69,8% das microempresas ten contratada velocidade de conexión a Internet superior a 2 Mbps, sendo significativo o incremento experimentado no tramo de velocidade superior a 10 Mbps.

ANEXO I: CNAES 2009

1. Total Industria:

1.1. Alimentación, bebidas, tabaco, textil, pezas de vestir, coiro e calzado, madeira e cortiza, papel, artes gráficas e reprodución de soportes gravados (CNAE 10-18)

1.2. Coquería e refino de petróleo, produtos farmacéuticos, caucho e plásticos, produtos minerais non metálicos (CNAE 19-23)

1.3. Metalurxia fabricación de produtos metálicos (CNAE 24-25)

1.4. Produtos informáticos, electrónicos e ópticos, material e equipo eléctrico, maquinaria e equipo, vehículos a motor, material de transporte, mobles e outras industrias manufactureiras, reparación de maquinaria e equipo (CNAE 26-33)

1.5. Enerxía e agua (CNAE 35-39)

2. Construción (CNAE 41-43)

3. Total Servicios: (excluídas CNAE 56: servizos de comidas e bebidas, CNAE 75 e financeiras)

3.1. Venda e reparación de vehículos de motor, comercio polo xunto e polo miúdo (CNAE 45-47)

3.2. Transporte e almacenamento (CNAE 49-53)

3.3. Servizos de aloxamiento (CNAE 55)

3.4. Información e comunicacións (CNAE 58-63)

3.5. Actividades inmobiliarias (CNAE 68)

3.6. Actividades profesionais, científicas e técnicas (agás as veterinarias) (CNAE 69-74)

3.7. Actividades administrativas e servizos auxiliares (incluídas axencias de viaxes) (CNAE 77-82)

4. Sector TIC (261-264, 268, 465, 582, 61, 6201, 6202, 6203, 6209, 631, 951)

Fontes de información

Datos referentes a Galicia

INE 2008-2009, OSIMGA 2010-2012

Datos referentes a España

INE

